

A gala da literatura galega

Os escritores galegos recoñecen a autores, proxectos e institucións que traballan pola promoción e divulgación da cultura do país

Redacción | Pontevedra | 04.05.2014 | 01:26

Bernardo Atxaga, Anxos Sumai, Berta Dávila, as compañías Sarabela Teatro e Achádego Teatro, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia, a editorial Laiovento, o proxecto Casahamlet, a Asociación Cultural O Facho, as deputacións de Lugo e A Coruña e os concellos de Narón e Tui, entre outros, recibiron onte en Pontevedra os premios da Asociación de Escritores en Lingua galega (AELG), nunha gala que, un ano máis, serviu para visibilizar a literatura que se fai no país e os principais proxectos culturais, así como o pulo dalgunhas institucións ás artes escénicas.

Escritores, pero tamén actores, editores, xornalistas e xestores culturais foron onte os convidados á Gala das Letras da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), que un ano máis convocou á cidadanía a unha cita anual ao redor da nosa literatura, "esa que é unha regalía e fai bailar os ollos de orgullo", lembrou a organización. Os socios da AELG, de Gálix e do Colexio de Xornalistas escolleron ós finalistas aos premios á mellor obra publicada en 2013 en distintas modalidades, que se entregaron na gala.

O convidado de honra á gala, que se desenvolveu no Teatro Principal, foi Bernardo Atxaga, que recolleu o galardón Escritor Galego Universal 2014, un recoñecemento á "alta calidade literaria do conxunto da súa obra, coa que nos da testemuño do seu tempo, do noso tempo, desde un insubornábel compromiso ético".

As escritoras Anxos Sumai e Berta Dávila, pola súa banda, recibiron os Premios da Crítica Galega nas categorías de narrativa e poesía, respectivamente, polas obras "A lúa da colleita" e "Raíz da fenda".

Os galardóns "Bos e Xeneroros", cos que a AELG recoñece o esforzo e compromiso da xente dos espectáculo "para manter vivos os nosos escenarios nun momento no que os recortes afectan de maneira especial ás programacións culturais", recaeron nas compañías Sabarela Teatro, Achádego Teatro, na Asociación de Actores e Actrices de Galicia, a editorial Laiovento e o proxecto Casahamlet e na Asociación Cultural O Facho polo seu traballo no teatro infantil.

Xavier Blanco e Najla Shami actuaron na gala, na que tamén as institucións cun papel destacado na promoción das artes escénicas foron recoñecidas. Neste 2014 os galardóns desas modalidades recaeron no proxecto Buxiganga da área de Cultura da Vicepresidencia da Deputación de Lugo pola difusión do teatro galego; na área de Cultura da Deputación da Coruña polo Premio de Teatro Rafael Dieste; e nos concellos de Narón e Tui, polos programas anuais. Outros dos que recolleron premio foron Elba Requeijo e Xavier Blanco, neste caso o Premio AELG "Mestres e Mestras da Memoria".

A relación de premiados completase con: Xabier Ponte Docampo por "A Illa de todas as illas" (Literatura infantil); Carme Vidal en Xornalismo cultural; Ramón Nicolás polo seu blog "Caderno de crítica"; María Alonso Seisdedos, Xabier Queipo, Antón Vialle y Eva Almazán polo Ulises de Joyce (Traducción); "A Revolución non vai ser televisada", de Rebeca Baceiredo (Ensaio); e as obras completas de Roberto Vidal Bolaño de Edicións Positivas (Teatro).

O presidente da asociación, Cesáreo Sánchez, lembrou que a industria editorial galega desde 2008 sufriu un 38% de perda de emprego directo e pecharon 45 bibliotecas públicas.



Dous galardoados saúdan a Bernardo Atxaga, sentado na primeira fila. // Gustavo Santos

[Fotos de la noticia](#)

Comentarios

Para comentar debes [iniciar sesión](#) o [registrarte](#)